


PROTECCIÓN DOS OPERARIOS

Prohíbese:

- Utilizar o osíxeno para mellorar o contido deste no aire, por exemplo, en atmósferas cerradas. É necesario utilizar unha máscara ou captar aire fresco do exterior ou prever unha boa ventilación.
- Soldar co soprete coa vestimenta impregnada de aceite ou graxa.
- Utilizar o osíxeno para limpar a roupa ou para refrescarse.

É obrigatorio:

- Protexer os ollos (soldador e axudante de soldador) con lentes apropiados.
- Levar un mandil de coiro e luvas de coiro ou de amianto.
- Usar polainas.
- Ventilar eficazmente se o traballo se fai nun local reducido ou sobre ferros pintados ou cubertos dun revestimento, e utilizar ademais unha máscara con achega de aire fresco.




ALMACENAMENTO DAS BOTELLAS

Prohíbese:

Fumar ou entrar cunha chama ao descuberto nun almacén de botellas de gas.

É obrigatorio:

- Separar, nos almacéns, as botellas de osíxeno das outras botellas de gas, particularmente das botellas de gas combustible.
- Almacenar as botellas de pé e atalas á parede, a non ser que estean agrupadas en soportes especiais.
- Almacenar en locais distintos o hidróxeno, o cloro e o resto das botellas.



MANIPULACIÓN DAS BOTELLAS

Prohíbese:

- Transportar as botellas con aparellos de elevación se non van provistas dun dispositivo especial previsto para o efecto.
- Arrastrar as botellas polo chan.
- Deixalas ao sol ou preto doutra fonte de calor.
- Utilizalas como soporte, rolo ou calzo.

É obrigatorio:

- Utilizar ganchos de manipulación especiais ou se non facelas rodar de pé sobre o fondo para pequenos desprazamentos, e para desprazamentos longos, atalas e calzalas coidadosamente sobre unha carretilla.
- Colocar as oxivas das botellas para non deteriorar a chave.
- Non as expoñer a golpes e materias corrosivas.


POSTA EN FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS BOTELLAS

Prohíbese:

- Utilizar as botellas fóra do seu uso normal.
- Facer traballos de modificación nas botellas ou nos seus accesorios e especialmente pintalas.
- Forzar unha chave que ofrezca resistencia ao abri-la.
- Engraxar as chaves das botellas de osíxeno, os sopretes, ou manipularlos con trapos manchados de graxa.
- Localizar os escapes por medio dunha chama.
- Deixalas expostas ao sol, á calor, a materias corrosivas e a golpes.
- Desconxelar as válvulas expoñéndoas á chama (débase utilizar auga quente, vapor de auga ou calquera outro medio axeitado).
- Inverter as manguieiras (perigo de explosión).

É obrigatorio:

- Utilizar as botellas de pé ou inclinadas e fixadas firmemente sobre un soporte. A distancia do lugar de traballo ás botellas non debe ser menor de 10 m, reducibles a 5 m se se teñen proteccións contra as radiacións ou en traballos no exterior.
- Abrir a billa da botella, colocándose detrás desta, asegurándose, antes de abrir as billas das botellas, de que as chaves do soporte están pechadas.
- Pechar a chave das botellas antes de cada parada prolongada de traballo e non pechar, no seu lugar, as billas dos sopretes. Pechar a chave principal e a do soporte cando non se utilice a botella.
- Deixar sempre sobre a botella a chave da billa condo aquela estea en servizo (en caso de accidente, a billa pode pecharse rapidamente).
- Conservar sempre unha lixeira sobrepresión e non baleirar integramente as botellas (entrada de aire).
- Buscar os escapes con auga xabonosa.
- Asegurarse, antes de montar o monorredutor na botella, de que o parafuso de redución de presión foi afouxado.
- Respectar as cores convencionais.
- Utilizar os racores especiais e fixar os ditos racores por medio de abrazadeiras e non por ligaduras ou arandelas.



TRABALLOS EN RECIPIENTES CERRADOS

Prohíbese:

- Realizar traballos de soldadura en recipientes que contivesen materias inflamables ou volátiles sen limpalos previamente e desgasificalos con vapor (aínda en recipientes que leven moito tempo baleiros).
- Fumar no interior.

É obrigatorio:

- Deixar o posto de soldadura no exterior baixo a vixilancia dun axudante, cando se traballa dentro dun corpo oco de gran dimensión.
- Lograr unha boa ventilación.



PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

É obrigatorio:

- Dispor dun extintor preferentemente de po, colocado preto da zona de soldadura.
- Tomar todas as medidas de protección necesarias contra as proxeccións de faíscas e de metais en fusión, especialmente durante os traballos en altura, preto do baleiro ou enriba de enreixados (pantalla non combustible, delimitación da obra, evacuación dos materiais combustibles, etc.).

EXTINCIÓN DE INCENDIOS

En caso de lume nunha botella de acetileno.

É obrigatorio:

- Se un se decata inmediatamente da aparición do lume: pechar a botella e apagar a chama (extintor de po ou de CO₂).
- En caso contrario: apartar o persoal da zona que se encontra na súa proximidade, intentar pechar a botella e botarlle auga ata que volva ter unha temperatura normal. Apagar a chama cun extintor.

En caso de lume nun depósito de botellas de acetileno.

- É obrigatorio:** Regar abundantemente as botellas dende un lugar resgardado cunha manguera de chorro recto para arrefrialas, ao mesmo tempo que se combate o sinistro cos medios habituais.